

Nel Vidal Barral, como presidente da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897; con apartado de correos 771 de Santiago de Compostela; con enderezo electrónico info@ctnl.org e con teléfono de contacto 629 571 950, en nome e representación desta entidade,

EXPOÑO

Que logo da publicación no BOP da provincia da Coruña n.º 13 do mércores 16 de xaneiro de 2008 das Bases para a contratación temporal dun técnico/a de normalización lingüística no Concello de Mazaricos, a CTNL ten que expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, desde a CTNL cremos que a contratación de persoal técnico mediante convocatoria pública por parte dos concellos é sempre algo positivo, polo que así valoramos o paso dado polo Concello de Mazaricos de contratar un técnico ou unha técnica de normalización lingüística.
2. Na convocatoria publicada hai algúns aspectos positivos que son acordes cos criterios da CTNL, nomeadamente:
 - a. A publicación das bases nun boletín oficial.
 - b. A denominación de técnico/a de normalización lingüística e a concreción das funcións, que se consideran que son as propias dun SNL.
 - c. O sistema de selección mediante concurso-oposición, o temario proposto e os criterios e as puntuacións da fase de concurso.

3. Aínda tendo en conta estes aspectos positivos da convocatoria, nas bases publicadas hai diversas cuestións sobre as que a CTNL ten que facer as seguintes consideracións:
- a. O punto C da base 2 é, textualmente: «Estar en posesión do título de licenciado/a en Filoloxía Galego-Portuguesa, en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Hispánica (sección galego-portugués); mestre co diploma de especialista en lingua galega ou co diploma do Curso de nivel Superior de linguaxe administrativa galega». Con respecto a esta condición, a CTNL ten que facer as seguintes consideracións:
 - i. Debido ás funcións que se teñen que desenvolver e aos coñecementos e capacidades necesarias para desenvolverlas, as prazas de técnico/a de normalización lingüística deben ser –ou estar para todos os efectos equiparadas ás– prazas de funcionarios/as do grupo A: doutores/as, licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou equivalentes.
 - ii. Polo tanto, debe ser condición das persoas aspirantes estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes. O requisito, xa que logo, debe ser unha licenciatura, e non unha diplomatura.
 - iii. Cómpre sinalar que, debido a que non hai ningunha titulación específica relacionada directamente co traballo en normalización lingüística, o requisito debería ser estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente (sen limitalo a ningunha titulación concreta), pois os coñecementos e as capacidades necesarias para o desenvolvemento das funcións do posto xa se avalían no proceso selectivo.
 - b. As retribucións brutas anuais sinaladas no punto 11 da convocatoria non son as correspondentes ao nivel da praza. As retribucións económicas deben ser as mesmas que as de calquera outra praza equiparada ao grupo A de funcionarios/as, pois o requisito debe ser unha licenciatura.
 - c. Na fase de oposición do proceso de selección non ten ningún tipo de sentido o segundo exercicio proposto que, segundo as bases

«consistirá en realizar unha proba de tradución de galego a castelán e de castelán a galego». A tradución non é unha das funcións dos servizos de normalización lingüística, nin en xeral nin no caso do Concello de Mazaricos, tal e como consta no punto 3 das bases publicadas no *BOP* (Funcións a desenvolver). Polo tanto, non ten sentido incluír no proceso selectivo unha proba sobre unha tarefa que non é función do posto de traballo, e moito menos na dirección galego>castelán.

- d. Segundo a rectificación de erros publicada no BOP da Coruña do venres 25 de xaneiro, esta contratación deixa de ser indefinida até que se cree a praza e se cubra en propiedade definitivamente mediante un proceso de selección e o contrato rematará o 30 de setembro de 2008. As prazas de técnico/a de normalización lingüística deben estabilizarse e incluírse nas relacións de postos de traballo dos concellos, e non poden ser totalmente dependentes dunha axuda económica da Deputación da Coruña.

POLO QUE, SOLICITO

- Que para que o Concello de Mazaricos poida seleccionar o persoal máis e mellor capacitado para desenvolver as funcións concretas que se sinalan na convocatoria publicada no BOP da provincia da Coruña n.º 13 do mércores 16 de xaneiro de 2008, para optimizar o labor do SNL local e, en definitiva, para contribuír a mellorar o proceso de normalización da lingua galega desde o Concello de Mazaricos, se modifique o punto C da base 2 da convocatoria, para que a condición das persoas aspirantes sexa «estar en posesión do título de licenciada/o universitaria/o ou equivalente ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes».
- Que a praza de técnico/a de normalización lingüística estea para todos os efectos, tamén os económicos, equiparada ás prazas de grupo A.
- Que retiren o segundo exercicio da primeira fase do proceso de selección e que, na súa vez, se realice un suposto práctico sobre algunha das funcións da praza sinaladas no punto 3 da convocatoria (Por exemplo: deseño dun programa de intervención sociolingüística nun sector determinado da poboación; deseño dunha acción normalizadora concreta

a proposta do tribunal para a intervención no seo da administración, etc.).

- Que a praza se establezca, que se inclúe na relación de postos de traballo, e que esta contratación sexa indefinida até que se cubra a praza en propiedade definitivamente mediante un proceso de selección.
- Que contén co apoio e asesoramento da CTNL para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo e na propia creación ou desenvolvemento das funcións do SNL do Concello de Mazaricos.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2008

**Remítirase copia deste escrito a todos os grupos políticos con representación no Concello de Mazaricos e á Deputación da Coruña.*